

## **CONVOCATORIA PARA O NOMEAMENTO E PRÓRROGA DE PROFESORADO E PERSONAL INVESTIGADOR AD HONOREM NA UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA**

### **CURSO 2025-2026**

En virtude do establecido no Regulamento de Profesorado e Personal Investigador Ad Honorem da Universidade de Santiago de Compostela (en diante Regulamento), aprobado polo Consello de Goberno celebrado o 29 de outubro de 2019, esta Reitoría resolve abrir o prazo para a presentación de propostas de nomeamento e de prórroga de profesorado e persoal investigador ad honorem para o curso 2025-2026, conforme ás seguintes bases:

#### **1. Obxecto**

O obxecto desta convocatoria é o nomeamento de profesorado e persoal investigador ad honorem entre as propostas presentadas polos departamentos, centros, institutos e centros singulares de investigación que cumpran os requisitos que se relacionan no artigo 4 do Regulamento, e a autorización das prórrogas correspondentes ao profesorado e persoal investigador ad honorem nomeado en cursos anteriores.

#### **2. Requisitos para as novas solicitudes**

De acordo co artigo 4 do Regulamento, para poder ser nomeado como profesorado ou persoal investigador ad honorem as persoas propostas deberán reunir os seguintes requisitos:

- a) Ser persoa de relevante prestixio profesional ou académico.
- b) No caso de persoal que pertencera ao cadro de persoal docente e investigador da Universidade de Santiago de Compostela, estar en situación de xubilación forzosa por razón de idade ou ter sido declarado en situación de incapacidade permanente a 1 de setembro de 2025.
- c) Ter menos de 75 anos.
- d) Non incorrer en ningunha causa de incompatibilidade de conformidade co artigo 1.1 da Lei 54/1984, do 26 de decembro, de incompatibilidades do persoal ao servizo das Administracións Públicas.
- e) Estar en situación de alta, alta especial ou situación asimilada á de alta na Seguridade Social ou mutualidade equivalente, tanto nacional como internacional, mediante certificado expedido polo órgano competente.

#### **3. Solicitudes de novos nomeamentos**

As solicitudes de nomeamento como profesorado e persoal investigador ad honorem poderán ser presentadas polos departamentos, centros, institutos ou centros singulares de investigación, así como propostas pola Reitoría da Universidade de Santiago de Compostela.

As solicitudes irán acompañadas da seguinte documentación:

- a) Un informe razoado do departamento, centro, instituto ou centro singular de investigación ao que se pretende vincular a persoa proposta ou no que vaian

desenvolverse as actividades previstas no plan de traballo. Neste informe incluirase o plan de traballo, que deberá concretar o tipo de colaboración que se pretende que realice a persoa candidata no caso de ser nomeada e o período inicial de duración no que esta colaboración se vai desenvolver.

- b) A conformidade coa proposta da persoa interesada, xunto cunha declaración responsable relativa ao cumprimento dos requisitos mencionados nos apartados d) e e) da base anterior.
- c) O currículum vitae actualizado da persoa proposta.
- d) Un informe razoado do departamento, centro, instituto ou centro singular de investigación ao que se pretende vincular a persoa proposta ou no que vaian desenvolverse as actividades previstas no plan de traballo.

#### **4. Solicitudes de prórroga**

As solicitudes de prórroga deberán ser presentadas pola persoa interesada acompañadas dun informe motivado sobre o grao de cumprimento do plan de actividades proposto, dunha actualización do plan de traballo para o seguinte período e dun informe do departamento, centro, instituto ou centro singular de investigación correspondente.

Nesta convocatoria unicamente deberá solicitar prórroga o profesorado e persoal investigador ad honorem nomeado en 2022, e que, por tanto, cumple no final do curso 2024-2025 o terceiro ano do seu nomeamento para esta figura.

#### **5. Prazo de presentación**

O prazo para presentar as solicitudes comezará ao día seguinte da publicación desta convocatoria no Taboleiro Electrónico da USC e rematará o 17 de xaneiro de 2025.

As peticións axustaranse aos formularios dispoñibles na web do Servizo de Planificación de Persoal Docente e Investigador (<https://www.usc.gal/gl/institucional/gobierno/area/xestionpersoal/PDI/formularios-profesorado-ad-honorem>), que serán remitidos polos departamentos a ese Servizo a través de Geiser.

#### **6. Avaliación das novas solicitudes**

A Comisión de Avaliación de Accións Especiais será a encargada de realizar a avaliación das novas solicitudes presentadas que cumpran os requisitos.

Para realizar esta avaliación teranse en conta, entre outros, os seguintes aspectos:

- a) A traxectoria docente ou profesional da persoa proposta
- b) A actividade investigadora e de transferencia desenvolvida, en particular, a producción científica, o número de teses de doutoramento e de proxectos de investigación dirixidos e outros indicadores de calidade da actividade investigadora.
- c) As actividades de xestión realizadas no ámbito da universidade, así como en organismos e institucións nacionais e internacionais de relevancia social, cultural ou científica.
- d) O plan de actividades que a persoa proposta vai desenvolver durante o período para o que se solicita o nomeamento.
- e) O interese para a Universidade da colaboración proposta.

Á vista da avaliación realizada pola Comisión de Avaliación de Accións Especiais, a Comisión de Organización Académica e Profesorado (COAP) elevará unha proposta de nomeamento ao Consello de Goberno da Universidade.

## 7. Prórroga dos nomeamentos

Os nomeamentos de profesorado e persoal investigador ad honorem poderán ser prorrogados nos termos establecidos no artigo 2 do Regulamento.

## 8. Nomeamento e prórroga de profesorado e persoal investigador ad honorem

O Consello de Goberno acordará o nomeamento ou a prórroga de profesorado e persoal investigador ad honorem á vista da avaliación das diferentes candidaturas realizada pola Comisión de Avaliación de Accións Especiais e da proposta subseguiente da Comisión de Organización Académica e Profesorado.

A Reitoría da Universidade de Santiago de Compostela, en execución do acordo adoptado polo Consello de Goberno, nomeará as persoas propostas ou prorrogará os nomeamentos xa existentes indicando o Departamento, Centro, Instituto ou Centro Singular de Investigación no que desenvolverán a súa actividade, e expedirá o diploma acreditativo de tal condición e, de ser o caso, a venia docendi. Este nomeamento comunicarase aos departamentos, centros, institutos ou centros singulares correspondentes.

## 9. Extinción do nomeamento

A extinción do nomeamento poderase realizar pola causa establecida no artigo 2.3 do Regulamento, por renuncia da persoa interesada ou ben por acordo do Consello de Goberno ante unha causa xustificada, previa proposta motivada do reitor ou dos órganos de dirección do departamento, centro ou instituto afectado, e tras dar trámite de audiencia á persoa interesada e solicitar informe da Comisión de Avaliación de Accións Especiais e da Comisión de Organización Académica e de Profesorado.

A relación extinguírase tamén no caso de que a persoa nomeada pase a ter unha vinculación contractual ou estatutaria coa Universidade de Santiago de Compostela.

## 10. Actividades

O profesorado e persoal investigador ad honorem poderá realizar as seguintes actividades:

- Colaborar en actividades de investigación, incluídos contratos, convenios e proxectos.
- Colaborar na docencia de posgrao, tanto en mestrados oficiais e propios como en programas de doutoramento, ata un máximo de 10 horas por curso académico. En calquera caso, esta actividade non terá a consideración de actividade docente, senón a de conferencia, e non computará para efectos do cálculo da capacidade docente lectiva da área de coñecemento.
- Colaborar na organización e desenvolvemento doutras actividades académicas e de investigación, sempre de acordo co establecido nas súas normas reguladoras.

O profesorado e persoal investigador ad honorem non poderá desempeñar cargos académicos nin participar en órganos colexiados da Universidade.

A condición de profesor/a ou investigador/a ad honorem non dará dereito á reserva de espazos de uso individual dentro da Universidade. Non obstante, os centros, departamentos ou institutos poderánlle asignar un espazo de traballo, sempre dentro da súa dispoñibilidade.

O profesorado e persoal investigador ad honorem disporá dunha conta de correo electrónico e de credenciais de acceso aos servizos en rede da Universidade, e poderá acceder a todos aqueles servizos que o prevexan nas súas regulacións específicas.

Contra a presente resolución, que esgota a vía administrativa, poderase interpoñer recurso contencioso-administrativo perante o xulgado do contencioso-administrativo de Santiago de Compostela no prazo de dous meses a contar desde o día seguinte á súa recepción, de conformidade cos artigos 46 e 8.2.a) da Lei da Xurisdición Contencioso Administrativa, aprobada por Lei 29/1998, do 13 de xullo.

Non obstante, as persoas interesadas poderán interpoñer recurso potestativo de reposición no prazo dun mes perante o órgano que o ditou. Neste caso non se poderá interpoñer o recurso contencioso-administrativo anteriormente indicado en tanto non recaia resolución expresa ou presunta do recurso administrativo de reposición, ao abeiro dos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, de 1 de outubro de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

Santiago de Compostela

O reitor  
Antonio López Díaz

## Sinatura dixital / Firma digital / Digital signature

Asinante/Firmante/Signer: ANTONIO LOPEZ DIAZ, REITOR, UNIVERSIDAD DE SANTIAGO DE COMPOSTELA,  
28/10/2024 11:02:10.

CSV: 2B20-3AF7-4475-B829